



# RAPACIÑ@S

A tecnoloxía ben segura

## 3 DE OUTUBRO

Cidade da Cultura de Galicia.  
Santiago de Compostela

A era dixital abre un mundo de posibilidades que require un bo uso das novas ferramentas por parte das nenas e nenos. Rapaciñ@s vai de normas e límites para un uso seguro da Internet e tamén de valores e oportunidades na esfera dixital.

Na enquisa feita aos asistentes das xornadas "Navega con Rumbo polo Ciberespazo", impulsadas polo CPEIG en máis de 170 centros, en relación á pregunta "Que outros aspectos do campo das novas tecnoloxías cre que serían necesarios abordar en charlas no seu centro?" hai dúas temáticas claramente destacadas:

**Redes sociais e menores**  
(elixida polo 75,58% dos participantes)

**Técnicas de control parental** (elixida polo 58,72% dos participantes)

Destas preocupacións nace a iniciativa Rapaciñ@s, unha serie de charlas informativas que percorrerá Galicia da man das colexiadas e colexiados do CPEIG e que arrinca cun gran evento na Cidade da Cultura. Familias e docentes atoparán información e recursos de interese, namentres as nenas e nenos adquiren hábitos seguros para navegar na Rede e desenvolven a súa creatividade tecnolóxica a través de obradoiros pensados para que se divirtan e aprendan.

## Xornada para nais e pais

**Lugar:** Auditorio da Cidade da Cultura

**Horario:** 16:45 H. – 20:00 H.

**Obxectivo:** análise do uso que fan os menores da Internet e dos seus riscos desde diferentes perspectivas. Instrumentos de apoio ás familias para prever riscos.

### 16.45 H. Benvida e presentación da xornada

**Mar Pereira**, directora da Amtega.

**Fernando Suárez**, presidente do CPEIG.

### 17.00H. Enrique Dans "Nenos, Rede e futuro: o perigo está en non estar"

Profesor de Sistemas de Información en IE Business School desde o ano 1990, Dans é doutor en Management, especialidade en Information Systems pola Universidade de California (UCLA), MBA polo IE Business School, licenciado en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela, e cursou estudos postdoutorais en Harvard Business School. As súas investigacións céntranse nos efectos das novas tecnoloxías en persoas e empresas.

### 18.30H. Rocío Ramos-Paul: "Educar na era dixital"

Licenciada en Psicoloxía, Máster en Psicoloxía Clínica e educadora de menores, Rocío Ramos-Paúl conduce desde 2006 un programa de televisión co obxectivo de amosar directrices educativas. É autora de "Manual de Supernanny" (Santillana), "Aprendiendo a enseñar" (Paraninfo), "Mi hijo no come" (Aguilar) e "Niños desobedientes, padres desesperados" (Aguilar)

## Obradoiros para nen@s

**Obxectivo:** Ofrecerlles aos menores actividades relacionadas coas novas tecnoloxías nas que se combinan o aspecto lúdico co didáctico.

**Idades recomendadas:** de 8 a 14 anos.

**Horario:** De 16.30 H. a 20.00 H.

**Temáticas:** navegación segura e creatividade tecnolóxica.

- Makey-makey (robótica para nen@s).
- Protección de datos.
- Realidade aumentada.
- Minecraft.
- Lego.
- Usos sen riscos de Internet e telefonía móbil.

**Lugar:** Espazos abertos da Cidade da Cultura, próximos ao auditorio.

**Empresas encargadas dos obradoiros:** Bq, Imaxin Software, Tech Academy e Vodafone-Pantallas Amigas.

Para a realización dalgúns dos obradoiros os rapaces deberán traer un smartphone ou tablet.

Non é necesaria inscrición previa. As prazas para os obradoiros cubriranse por orde de chegada.